

Que é o logotipo 100% Raza Autóctona?

Un selo oficial identificador dos produtos procedentes de animais de razas autóctonas. Trátase dunha iniciativa das asociacións de criadores de razas autóctonas e do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), que se enmarca no Programa Nacional de Conservación, Mellora e Fomento das Razas Gandeiras.

Cales son as condicións de uso?

Existe unha normativa nacional que o rexe, o Real Decreto 505/2013, do 28 de xuño, polo que se regula o seu emprego voluntario nos produtos de orixe animal.

Como xorde o logotipo 100% Raza Autóctona Limiá?

Nace impulsado pola Asociación de Criadores da Raza Limiá (Limiaga), co aval da Xunta de Galicia e do Magrama, para ofrecerlles aos consumidores as garantías de pureza de raza dos produtos obtidos dos exemplares de raza Limiá.

Quen pode empregalo?

Poden acollerse ao logotipo 100% Raza Autóctona Limiá as ganderías onde se crían as limiás en pureza e mais as empresas e os restaurantes onde se transforman e se comercializan os seus produtos.

Únete a nós! Busca o noso logo!



LIMIÁ



Infórmate en
www.boaga.es

**Asociación de Criadores da
Raza Limiá - Limiaga**
Pazo de Fontefiz s/n
32152 Coles (Ourense)
Tel. 988 205 486
Fax 988 205 489
limia@boaga.es

Somos 100% Raza Autóctona



100% noso

Porque a raza e os seus produtos estiveron con nós dende sempre, formando parte do noso territorio e da nosa historia.

100% garantía de orixe

Porque informamos os consumidores da procedencia dos produtos, con trazabilidade garantida.

100% conservación

Porque consumindo os produtos da raza axudamos a que non se perda, como pasou hai unhas décadas, cando estivo ao bordo da extinción. Se mercamos raza, prodúcese máis!

100% sabor

Porque, ao ser baixos en graxa e estar ben distribuída e infiltrada, os produtos da raza teñen un sabor intenso e moi especial... o sabor de antes!

100% diferentes

Porque a xenética da raza e a súa crianza fai que os seus produtos teñan unhas calidades especiais e totalmente diferentes. Os seus produtos fanse lentamente, sen présas...

Por que somos 100%?

100% natural

Porque esta raza se cría en explotacións en réxime extensivo, a base de pastos, leite materno e, ás veces, con suplementación de herba seca e cereais.

100% próximos

Porque a raza Limiá se cría preto das zonas nas que podemos atopar os seus produtos.



100% apoio

Porque mercando produtos amparados por este logotipo axudamos os nosos gandeiros e máis o comercio e a hostalería locais.

100% respecto

Porque consumindo produtos 100% Raza Autóctona Limiá respectamos e coidamos o noso medio rural. Para a súa alimentación, estes animais aproveitan os recursos naturais das comarcas nas que se asentan, aos que están perfectamente adaptados.

100% información

Porque este distintivo nos permite ofrecer información sobre onde se poden mercar e consumir os produtos da raza.

100% orgullo

Porque escollendo os produtos 100% Raza Autóctona Limiá tanto os gandeiros coma Limiaga, as Administracións, os comerciantes, os hostaleiros e os consumidores, todos, nos sentimos orgullosos de apostar pola calidade!